

OFRENDA Á VIRXE DAS DORES PATROA DE LALÍN

**LUIS LÓPEZ,
PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

Lalín, 21 de setembro de 2025

Querida Virxe das Dores, patroa de Lalín e nai desta vila que tanto te quere:

Preséntase ante ti un **cambote**, é dicir, un veciño de Rodeiro, parroquia de San Salvador; **tamén un veciño adoptivo de Lalín e un entusiasta do Deza**, e circunstancialmente un **presidente da Deputación** que pronuncia esta ofrenda en nome de todos os veciños desta provincia extraordinaria nosa, que é a provincia de Pontevedra.

Virxe das Dores, co corazón agradecido, afirmo que, **malia seren os lalinenses xente humilde**, hoxe é un día **grande dunha vila grande**. Moi grande.

Lalín está delimitado polo seu mapa pero vai moito máis alá dos seus límites xeográficos.

É **grande de espírito**, pola paixón que senten por el o seus veciños. **Grande en bos e xenerosos** pola pegada inmensa de artistas, estadistas, pastores da Igrexa, intelectuais e científicos que inscribiron os apelidos Laxeiro, Lamazares, Aller, Varela, Saco y Arce ou Gil Taboada no mellor da nosa historia. **Grande tamén como encrucillada dos camiños de Galicia**, nese quilómetro cero que sempre nos leva de volta ata aquí. **Grande ata en sabor**, que –como saben– é o mellor amigo do Cocido. **Grande antes, grande agora e sempre grande ata para os que nacemos fóra de Lalín, pero levámolo con nós, dalgún xeito.**

Otero Pedraio dicía de Ramón María Aller que a súa figura seguirá por sempre “esperta e vixiante”. Pois así, “espertos”, se manteñen os recordos destas rúas na miña memoria. **Algúns dos días máis felices da miña vida teñen como data as Festas das Dores, e como lugar este concello.**

Por estas e moitas outras razóns, Lalín é unha extensión natural da miña casa, porque nela viven instantes, proxectos, sentimentos e persoas sen as que non me podería explicar como persoa, nin sequera agora como un servidor que presidente a Deputación.

Con esta humilde ofrenda, Virxe das Dores, pido **amparo e acerto** para que entre todos –insisto: **entre todos**— saibamos encontrar respostas e solucións aos grandes retos que nos convocan como sociedade.

- A **ferida dos lumes** é unha desgraza recorrente no noso país, pero a ferida deste verán foi se cabe aínda máis fondo. Malia todo, é imprescindible e xusto recoñecer a valentía e solidariedade de todas as persoas que plantaron cara ao lume –desde brigadistas, forzas de seguridade, voluntarios e cidadáns anónimos— e conxurarnos para que previr máis desgrazas no noso monte.

- Pido que as aldeas do noso rural volvan ser un fervedoiro de vida, emprego e futuro, traballamos e seguiremos traballando arreo desde a Deputación para levar a todos os recunchos deste concello e da comarca **os mellores servizos e infraestruturas, e para estar ao carón dos que sementan ou procuran non un produto, senón futuro: os labregos e gandeiros.**
- Virxe Peregrina, nesta Ofrenda pido protección para os **nosos mozos**, baluartes do Lalín e da provincia do mañá; **lembro aos nosos maiores**, memoria viva de quen somos; pido polas familias e fogares, columna vertebral da nosa sociedade; e pido por **quen traballa e por quen dá traballo.**
- Pido porque a pegada de Lalín –dun Lalín emblema dentro dunhas Rías Baixas estendidas do mar cara o interior– **siga moitos anos asombrando aos que somos de aquí e aos que veñen de fóra. O turismo son os nosos embaixadores ante o mundo.**

- Pido que o exemplo de pobos unidos como o de Lalín se estenda á práctica política, para que cese o ruído e impere un xeito de gobernar estable no que caiban todos.

Todos formamos parte de Lalín, do Deza e da provincia de Pontevedra. Sigámonos xuntando cada ano nesta igrexa aos pés da Virxe das Dores, porque será un testemuño claro de que imos polo bo camiño: o camiño da fraternidade, da fe na nosa terra e da paz.

Querida Nosa Señora das Dores: Bendí, protexe e guía, hoxe e sempre, ao teu Lalín.

Amén.